

IV TROFEO DE ORIENTACION LIMIACTIVA

7ª PROBA DA LIGA GALEGA DE O-PE

CANDO

Sábado, 1 de Xullo de 2017

10:30 h

ONDE

Monte de Baronzás

Zona de concentración: Praza Carlos Casares

DIRECTOR • Óscar Gómez

CARTOGRAFÍA e PERCORRIDOS • Martín Morales

BALIZADO: • Roberto Feijoo, Martín Morales

TÉCNICO SPORTIDENT: • Pablo Adrián Aller

WWW.LIMIACTIVA.COM

ORGANIZA

LIMIACTIVA
ASOCIACIÓN DEPORTIVA

COLABORAN



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte




La Región



Benvidos, unha vez mais, ó Trofeo Limiactiva de Orientación. Proba que celebraremos o sábado día 1 de xullo de 2017.

Unha vez mais no Concello de Xinzo de Limia, concretamente no Monte de Baronzás.



A zona de concentración está situada na Praza Carlos Casares, o lado da Casa do Concello de Xinzo de Limia.



Rúa Curros Enríquez, 21
32630 Xinzo de Limia, Ourense
42.063816, -7.724398

DATOS DO MAPA.

MONTE DE BARONZÁS

A proba desenvolverase no Monte de Baronzás, o lado mesmo da Vila de Xinzo de Limia. Trátase dun monte moi variado en canto a vexetación e relevo. Carballeiras con densidade variable, zonas con detalles rocosos, muros de pedra e pequenos cortalumes (desbrozados recentemente). Entre as zonas mais altas e a vila apenas hai 100 metros de desnivel.

O mapa e novo cartografiado no verán de 2016 (Martín Morales). Escala 1:7500 para as categorías INI Curta, INI Longa, M/F-12, M/F-14, M/F-16, M/F-55 y F-45. Escala 1:10000 para o resto de categorías.

Seguridade.

O Mapa é atravesado pola autovía A-52, que so se poderá cruzar polos pasos obrigatórios: pontes ou pequenos túneles (1,5 m de altura por 1 m de ancho).

Existe tamén unha pequena estrada que apenas soporta tráfico, pero deberemos extremar a precaución ó cruzala ou transitar por ela.

De interese.

As zonas con colmeas virán marcadas coma zonas perigosas (Raiado cruzado).

Hai poboados da comunidade xitana marcados no mapa coma zona fora de competición, dado que pode haber animais soltos.

Existen numerosos pequenos cortalumes (2 m de ancho) recién desbrozados representados en cor amarelo no mapa (401). A vexetación rasteira densa (símbolo 409) nesta zona de cortalumes, pódese considerar impasable.

E moi recomendable o uso de polainas ou medias protectoras en todos os percorridos.

Haberá dous avituallamentos en carreira (non sinalados nas descripción de control, mais si no mapa).

Exemplos de representación no mapa:




ZONA DE CONCENTRACIÓN.

Zona de concentración situada na Praza Carlos Casares, ó lado da Casa do Concello de Xinzo de Limia

Acceso pola Avenida de Madrid e Avda de Ourense.

Xusto debaixo da Praza Carlos Casares, hai un Parking de pago



XURADO TÉCNICO.

- **Alejandra Carro (Arnela)**
- **Javier Alvelo (Aromon)**
- **Concepción González (Fluvial)**


ZONA DE SAÍDAS.

A zona de saídas estará situada na localidade de Baronzás, a 1,2 km da zona de concentración.

Pódese ir camiñando pola beirarúa da rúa Curros Enríquez, todo recto ata chegar a Baronzás,

Tempo necesario camiñando:

Teremos unha chamada de presaiídas a –5 minutos en Baronzás.



CATEGORÍAS E PERCORRIDOS.

PERCORRIDO	CONTROIS	LONXITUDE	DESNIVEL
INI CURTA	9	2,3 km	65 m
INI LONGA	11	2,9 km	75 m
F-12/M-12	11	2,5 km	65 m
F-14/M-14	11	2,8 km	70 m
F16/M16	14	3,2 km	80 m
F-18/M18/F-55	15	3,1 km	85 m
F-21B/M-21B	12	2,9 km	70 m
F-21A/M-45	17	4,5 km	125 m
M-21A/F-35	17	4,5 km	125 m
M-35/F-E	18	4,5 km	125 m
F-45	14	3,9 km	125 m
M-40	18	4,9 km	130 m
F-40/M-55	15	4,3 km	120 m
M-E	22	5,6 km	165 m

HORARIOS DA PROBA.

9:30 H. Apertura da secretaría. Entrega de dorsais e Sportident.

10:30 H. Saída dos primeiros corredores.

13:30 H. Entrega de premios e clausura.

****:** H. Peche de meta (2 horas despois de que saia o derradeiro corredor)**

****:** H. Comezo de retirada de balizas (2 horas despois de que saia o derradeiro corredor)**

TROFEOS.

Entregaranse trofeos ós tres primeiros clasificados da categoría elite.

SERVIZOS.

Contaremos cos seguintes servizos durante a proba:

- **Seguridade vial cuberta polo servizo de Protección Civil de Xinzo de Limia.**
- **Ambulancia e médico da proba.**
- **Duchas. No Pavillón de Deportes de Xinzo de Limia, a 1 km da zona de concentración.**
- **Gardería Xoaniña (mais información no arquivo de descarga)**
- **Piscinas de verán abertas de 12:00 h a 20:30 h. (de pago)**

INSCRICIÓN DE FEDERADOS.

A través da web www.fegado.es ata o martes 27 de xuño ás 22:00 h.

Pagos de inscricións:

Conta ABANCA ES68 2080 0410 9930 0008 1161

É necesario enviar por correo electrónico o xustificante do pago indicando como concepto ORI BARONZÁS+NOME DO CLUBE.

ori.limiactiva@gmail.com

INSCRICIÓN INDEPENDENTES (INI CORTA OU LARGA).

Ata o martes día 27 de xuño, as 22:00 h.

Nos se completará a inscrición sen os datos non están completos ou se non se recibe o xustificante do pago

Rexistrándose na web www.fegado.es ou enviando por e-mail a

ori.limiactiva@gmail.com

Os seguintes datos:

Nome completo, Data de Nacemento, NIF, Sexo, Teléfono de contacto.

Percorrido elixido (Iniciación corta ou larga)

Número de tarxeta Sportident (se a ten) e xustificante do ingreso na conta de

Conta ABANCA ES68 2080 0410 9930 0008 1161

Indicar no concepto ORI BARONZÁS + Nome e apelidos

CUOTAS DE INSCRICIÓN

Federados: 5 euros

Iniciación Corta: 7 euros (Inclúe Seguro Deportivo)

Iniciación Larga: 9 euros (Inclúe Seguro deportivo)

Alquiler tarxeta Sportident: 3 euros

A organización cobrará a cantidade de 3 euros en concepto de alquiler de tarxeta Sportident a todos os que non a teñan ou non indiquen o número de tarxeta na inscrición.

Esta tarxeta alquilada deberá ser devolta ó rematar a proba e a súa perda conleva o pago de 35 euros.